

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 3171** *Lei 1/2018, do 6 de marzo, pola que se adoptan medidas urxentes para paliar os efectos producidos pola seca en determinadas bacías hidrográficas e se modifica o texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

Desde o ano 2007, as situacións de seca hidrolóxica nas demarcacións hidrográficas intercomunitarias xestiónanse mediante os plans especiais ante situacións de alerta e eventual seca, aprobados pola Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, e posteriormente modificados polo Real decreto 1/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Xúcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Douro, Texo, Guadiana e Ebro.

De acordo co artigo 27 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, estes plans, cos seus sistemas de indicadores hidrolóxicos, son os que serven de referencia aos organismos de bacía para a declaración formal de situacións de alerta e eventual seca.

II

O valor medio nacional das precipitacións acumuladas desde o 1 de outubro de 2016 ata o 1 de maio de 2017 representa ao redor dun 13 % menos que o valor normal correspondente ao dito período. En data 1 de maio de 2017, a reserva hidráulica peninsular situábase nun 56 %, notablemente inferior á media dos últimos 5 anos (74,2 %) e á dos últimos 10 anos (70 %). Iso xustifica a adopción das correspondentes medidas para paliar os efectos causados pola mencionada situación durante o ano 2017.

Os volumes encorados no presente ano hidrolóxico nas demarcacións hidrográficas intercomunitarias foron moi pouco relevantes, persistiu a situación de seca declarada nos ámbitos territoriais das confederacións hidrográficas do Segura e do Xúcar e iniciouse a situación de seca na parte española da demarcación hidrográfica do Douro. Na situación técnica de alerta por seca encóntrase tamén a bacía do Guadalquivir, cuxa Comisión de Seguimento da Seca, na súa reunión do pasado 30 de novembro de 2017, acordou a necesidade de tramitar e aprobar un decreto polo que se declarase a situación de seca prolongada e se adoptasen medidas excepcionais. Neste sentido, a Confederación Hidrográfica do Guadalquivir solicitoulle ao Goberno, o pasado 26 de decembro de 2017, a aprobación dun real decreto de seca para esta demarcación.

Na demarcación hidrográfica do Guadalquivir a situación actual das reservas de auga, como consecuencia da falta de precipitacións, determina que non se poidan cubrir de modo adecuado todas as demandas coas reservas existentes nos sistemas de explotación da demarcación.

A bacía do Guadalquivir vén padecendo unha situación de precipitacións inferiores á normalidade cuxo inicio se remonta ao ano 2013/2014. No que respecta ao ano hidrolóxico en curso (2017/2018), a precipitación media nos encoros da demarcación hidrográfica durante os meses de outubro e novembro foi de 94 mm, o que se traduce nun déficit de precipitación do 38 % con respecto ao valor medio do mesmo período dos 25 anos anteriores (152 mm). As achegas recollidas durante eses dous meses totalizaron 154 hm³, o que implica un descenso do 61,5 % sobre a media histórica dos últimos 25 anos (400 hm³).

Por outra banda, as reservas existentes en data 1 de decembro de 2017 son 2.554,7 hm³ sobre un total de 8.120,5 hm³, un 31,5 % sobre capacidade total. Nesa mesma data de 2016 o volume encorado era do 49,6 % sobre capacidade total (4.036 hm³). Hai que resaltar que no Sistema de regulación xeral o volume encorado en 1 de decembro de 2017 (1.465 hm³) supón un 25,9 % sobre a capacidade total (5.657,6 hm³), sobre todo tendo en conta que o ano anterior o volume encorado neste sistema se situaba nun 46,1 % (2.610,8 hm³) sobre a capacidade total.

No caso do Douro, o inicio do ano hidrolóxico 2016/2017 foi extremadamente seco desde o punto de vista da meteoroloxía: así, a precipitación acumulada nos últimos seis meses do pasado ano foi do 55 % da media da serie histórica que alcanza 48 anos. Os volumes encorados en data 18 de maio 2017 son 984 hm³ menos que os que había encorados nesa mesma data de 2016. Esta cifra de 984 hm³ representa un 34,20 % da capacidade de regulación de que dispón actualmente a bacía hidrográfica do Douro.

En data 1 de maio, o indicador de seca do estado global da parte española da demarcación hidrográfica do Douro mantívose en alerta por quinto mes consecutivo. Este feito motivou que, conforme o contido do Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca do Douro, e conforme o artigo 20 das disposicións normativas do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Douro, a demarcación se encontre en situación de seca prolongada e o organismo de bacía adoptase un conxunto de restricións pola falta de auga encorada, de conformidade co artigo 55 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo. Estas restricións xa se determinaron e xa se puxeron en práctica nas diferentes zonas subministradas desde os encoros mediante canais.

Con base nesta situación de seca prolongada, a Comisión de Desencoro da Confederación Hidrográfica do Douro acordou, en febreiro de 2017, a elevación ao Consello de Ministros para que, de conformidade co artigo 58 de texto refundido da Lei de augas, adoptase, mediante real decreto e en circunstancias extraordinarias como as que se dan actualmente na bacía española do Douro, as medidas que sexan precisas en relación coa utilización do dominio público hidráulico, aínda cando fose obxecto de concesión, para a superación de circunstancias de necesidade, urxencia, anómalas ou excepcionais.

No caso da bacía hidrográfica do Segura, en seca declarada desde o 9 de maio de 2015, coa entrada en vigor do Real decreto 356/2015, do 8 de maio, a situación agravouse de forma particular por dous motivos: o volume encorado na propia demarcación é, en data 18 de maio de 2017, do 32 %, cando a media dos últimos 5 anos nesta mesma data se sitúa no 60,78 %, e o volume encorado en Entrepeñas e Buendía (encoros desde os cales parte o acueduto Texo-Segura) sitúase, en data 19 de maio, por debaixo de 368 hm³, despois de entrarse, de acordo coas regras de explotación do transvasamento Texo-Segura, aprobadas pola disposición adicional quinta da Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, no nivel 4, o que implica que non cabe aprobar transvasamento ningún para abastecemento e regadío desde a demarcación hidrográfica do Texo.

No caso da demarcación hidrográfica do Xúcar, tamén en seca declarada desde o 9 de maio de 2015 coa entrada en vigor do Real decreto 355/2015, do 8 de maio, en data 1 de maio de 2017 os indicadores de estado dos subsistemas Turia e Xúcar encóntranse en alerta e prealerta, respectivamente.

O Real decreto 356/2015, polo que se declara a situación de seca no ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Segura, e o Real decreto 355/2015, do Xúcar, e as súas prórrogas, recollen como unha das medidas administrativas que pode axudar a superar a situación de escaseza de recursos hídricos existente, e a utilización dos contratos de cesión de dereitos ao uso da auga previstos na lexislación de augas.

Neste sentido, recóllese a posibilidade establecida no artigo 67.2 do texto refundido da Lei de augas, onde está previsto que se poderá permitir que os contratos subscritos non respecten a prelación de usos establecidos no plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica ou, na súa falta, na propia lei, ao entender que a situación excepcional e o interese xeral fan aconsellables a autorización da medida.

A disposición adicional terceira do Real decreto lei 6/2015, do 14 de maio, admitiu para estes mesmos contratos unha excepción do artigo 69.1 do texto refundido da Lei de augas, segundo o cal «o volume anual susceptible de cesión en ningún caso poderá superar o realmente utilizado polo cedente», o que permite, de modo excepcional e temporalmente limitado, a cesión de todo o caudal concedido con independencia do grao de utilización que tivese por parte do cedente nos 5 anos anteriores.

Esta previsión refírese aos contratos subscritos entre concesionarios da bacía do Segura. Actualmente faise preciso que, con carácter excepcional e temporalmente limitado, se estableza esta medida ampliándoa ás bacías do Xúcar e do Douro; deste modo, en cada unha das ditas bacías poderanse subscribir contratos de cesión de dereitos entre concesionarios e titulares de dereitos dunha mesma bacía tomando como referencia os volumes concedidos e non os utilizados nos últimos 5 anos.

É unha flexibilización do réxime legal dos contratos que se formula como unha medida excepcional para atender a situación hidrolóxica existente e se inclúe na disposición adicional segunda.

III

As situacións de seca hidrolóxica descritas están a afectar, en moitos casos, o nacemento e o normal desenvolvemento dos cultivos de secano, así como os cultivos de regadío das zonas referidas nas tres demarcacións hidrográficas citadas, ben por insuficiencia da auga encorada para atender a demanda de rega, ben pola redución de precipitacións que afectou as reservas nos acuíferos que proporcionan a auga de rega.

As extremadas condicións climáticas que vén padecendo este ano o sector agrario nas zonas sinaladas ameazan a viabilidade económica de moitas explotacións e a súa propia pervivencia como unidades produtivas, o que afectaría seriamente a economía das comarcas agrarias e o desenvolvemento doutros sectores de actividade económica relacionados coa agricultura.

Aínda que é certo que o Plan de seguros agrarios, subvencionados polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, representa a ferramenta de referencia obrigada na loita contra as adversidades climáticas, ao incluír só a seca meteorolóxica e non a hidrolóxica, a extraordinaria incidencia desta seca aconsella a adopción de medidas, a título excepcional, que complementen a acción dos seguros agrarios para minorar as consecuencias na economía das explotacións agrarias afectadas.

Aínda que os abastecementos na data de hoxe parecen estar garantidos, no caso das demarcacións hidrográficas do Segura e do Xúcar, estase a facer un seguimento exhaustivo, dada a elevada dependencia do conxunto de municipios integrados na Mancomunidade dos Canais do Taibilla dos recursos transvasados desde os encoros da cabeceira do Texo. Este organismo autónomo, para asegurar a demanda das diferentes poboacións e paliar a mingua de recursos que recibe a través do acueduto Texo-Segura, tivo que recorrer a outras fontes alternativas de subministración (pozos de seca, contratos de cesión de dereitos, incremento do uso de auga desalgada) que comportaron un incremento do custo económico do recurso. En idéntica situación se encontran aqueles abastecementos da provincia de Almería que se subministran desde o acueduto Texo-Segura.

En consecuencia, para paliar tamén o desequilibrio económico que se lle puidese ter producido á Mancomunidade dos Canais do Taibilla e aos mencionados abastecementos da provincia de Almería, e posibilitar a continuidade da actividade produtiva das explotacións agrarias que están a sufrir os efectos da seca, o Goberno considera necesario adoptar un conxunto de medidas, con carácter urxente, destinadas a paliar os efectos desta importante adversidade climática, no marco da necesaria cooperación coas comunidades autónomas afectadas.

Así mesmo, as explotacións agrarias afectadas pola seca, non só nas bacías con seca hidrolóxica senón tamén no resto de zonas con seca meteorolóxica, afrontan elevadas dificultades de tesouraría, entre as cales cabe destacar especialmente os sectores de cultivos herbáceos pola perda de colleita e, nas de gandaría extensiva, polo incremento dos custos por perda de pasteiros. Por iso, considérase adecuado adoptar a medida destinada a adiar o pagamento das cotas da Seguridade Social, xa que esta está destinada a aliviar as ditas dificultades.

IV

Noutra orde de cousas, neste ámbito as actuais circunstancias sociais requiren dun uso dos recursos enerxéticos máis eficiente, sustentable e respectuoso co ambiente, que faga compatible o desenvolvemento económico coa protección eficaz do ambiente, en concordancia, pola súa vez, cos principios básicos que rexen a política fiscal, enerxética e ambiental da Unión Europea.

En consecuencia, resulta necesario un marco normativo que garanta a todos os axentes afectados o adecuado funcionamento do modelo de produción de enerxía e, pola súa vez, contribúa a preservar o patrimonio ambiental.

No ordenamento xurídico vixente, o artigo 112 bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, tras a modificación operada pola Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, regula o canon por utilización das augas continentais para a produción de enerxía eléctrica. Con posterioridade foi aprobado o Real decreto 198/2015, do 23 de marzo, polo que se desenvolve o artigo 112 bis do texto refundido da Lei de augas e se regula o canon por utilización das augas continentais para a produción de enerxía eléctrica nas demarcacións intercomunitarias.

De acordo coa lexislación referida, e en termos consoantes co artigo 2.2.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a natureza do canon é a dunha taxa que se aplica á produción de todas as instalacións de xeración que obteñen un beneficio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público hidráulico, para a produción de enerxía eléctrica. A súa creación obedeceu, como expresa a Lei 15/2012, do 27 de decembro, á necesidade de salvagardar a calidade xeral das augas continentais españolas, que constitúen un recurso natural de evidente relevancia para o conxunto da sociedade. Neste sentido, e co fin de reforzar as políticas de protección do dominio público hidráulico, o Real decreto 198/2015, do 23 de marzo, establece no seu artigo 12 que o 2 % do importe da recadación neta terá a consideración de ingresos do organismo de bacía e, particularmente, que os orzamentos xerais do Estado destinarán a actuacións de protección e mellora do dominio público hidráulico, nos termos definidos no seu artigo 14, polo menos un importe igual á estimación prevista para o 98 % restante da dita recadación.

V

A experiencia acumulada nos anos transcorridos desde a entrada en vigor da Lei 15/2012, do 17 de decembro, evidencia a necesidade de reforzar as actuacións de protección, mellora e rexeneración das masas de auga superficial nas bacías hidrográficas. Todo iso sen prexuízo da redución progresiva da contaminación procedente de substancias prioritarias e da eliminación de forma gradual respecto ás verteduras, ás emisións e ás perdas de substancias perigosas en que debe intensificar esforzos a Administración hidráulica do Estado.

Neste sentido, os programas de control das masas de auga e das zonas protexidas pretenden mellorar os niveis de precisión e fiabilidade alcanzados en anos anteriores, conforme o previsto no artigo 92.ter.2 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Para executar estas actuacións de protección ambiental que revisten carácter de urxencia, faise imprescindible dotar os órganos competentes do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente dos recursos económicos e técnicos necesarios que permitan unha conservación eficaz do dominio público hidráulico.

Do mesmo xeito, o Acordo do Consello de Ministros do 9 de xuño de 2017, polo que se aproban as novas tarifas para o aproveitamento do acueduto Texo-Segura, co obxecto de recuperar os custos anuais de explotación, funcionamento e conservación que soporta a Administración hidráulica, así como a amortización dos investimentos estatais calculados conforme a normativa vixente, reafirma a necesidade de adoptar medidas de equilibrio económico-financieiro para o cumprimento das funcións que teñen encomendadas os organismos de bacía.

Para garantir a protección do dominio público hidráulico, e co fin de asegurar o cumprimento dos obxectivos ambientais establecidos na Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario no ámbito da política de augas (Directiva marco da auga), increméntase o tipo de gravame do canon por utilización das augas continentais para a produción de enerxía eléctrica desde o 22 por cento do valor da base imponible previsto no artigo 112 bis do texto refundido da Lei de augas ata o 25,5 por cento, dado que o tipo actual se revela insuficiente para alcanzar o obxectivo de compaxinar adecuadamente dous bens constitucionais: o ambiente e o desenvolvemento económico. Ese incremento permitirá achegar, nos termos previstos no artigo 12 do Real decreto 198/2015, do 23 de marzo, recursos adicionais cos cales reforzar as actuacións técnicas de medición, análise, vixilancia e control dos consumos de auga recoñecidos nas concesións, o réxime de cumprimento destas, o seguimento de calidade, seguridade e cantidade das augas continentais, así como actividades de mellora da continuidade fluvial, adaptación das estruturas á migración da ictiofauna e transporte de sedimentos, a recuperación do leito dos canais e do espazo fluvial, incluíndo os bosques de ribeira e a loita contra especies invasoras que supoñan unha deterioración do estado do dominio público hidráulico.

A urxencia na tramitación da presente lei vén motivada, como se dixo, por necesidades estruturais de inaprazable execución na protección, mellora e rexeneración das masas de auga superficial das bacías hidrográficas, relacionada, pola súa vez, cunha actuación lexislativa inmediata que permita aplicar un plan orgánico no uso e conservación da bacía, sen esquecer as actuais condicións meteorolóxicas adversas que acentúan esta exigencia.

Polo tanto, os ingresos derivados da suba do tipo de gravame responden a un plan plurianual que concorda coa necesidade inmediata de maiores ingresos, asociados a unha imprescindible mellora no investimento e na dotación de recursos nas bacías hidrográficas, sen prexuízo da súa liquidación posterior en marzo de 2018.

Neste sentido, debe sinalarse que, aínda que é certo que a autoliquidación correspondente ao exercicio 2017 non se deberá presentar, conforme o previsto no artigo 10 do Real decreto 198/2015, senón no mes de marzo de 2018, a aprobación da presente lei e, en particular, a aplicación do novo tipo de gravame á parte proporcional da base imponible xerada desde a súa entrada en vigor, conforme o previsto na disposición transitoria única, permitirá xerar desde este mesmo momento un maior volume de recursos destinados aos organismos de bacía con cargo á dita autoliquidación e, asemade, que poida xa consignarse nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 a maior cantidade destinada, nos termos previstos polo artigo 14 do citado texto regulamentario, a actuacións de protección e mellora do dominio público hidráulico, facultando con iso o inicio de novos proxectos no referido exercicio. É evidente que un e outro obxectivo non poderían ser conseguidos de observarse o procedemento lexislativo ordinario, xa que a demora inherente á súa tramitación comportaría unha análoga demora na aplicación do referido incremento do tipo tributario que, deste modo, non tería reflexo na autoliquidación

inmediata e, con iso, nos ingresos do organismo de bacía, o que impediría, por riba, incorporar á Lei de orzamentos xerais para o ano 2018 a maior cantidade equivalente ao referido incremento de recadación.

Finalmente, incrementábase a bonificación tributaria que o número 7 do citado artigo 112 bis recoñece ás instalacións hidroeléctricas de potencia igual ou inferior a 50 MW, na medida necesaria para manter os efectos do réxime retributivo establecido no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, así como na Orde IET/1045/2014, do 16 de xuño, pola que se aproban os parámetros retributivos das instalacións tipo aplicables a determinadas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, pois o referido canon é un dos conceptos alí tomados en consideración á hora de definir os custos variables determinantes do custo de explotación das correspondentes instalacións tipo.

VI

As disposicións que se aproban mediante a presente lei manteñen unha relación de continuidade coas normas precedentes que conforman o ordenamento xurídico vixente nesta materia, debido á relación cada vez maior entre sustentabilidade ambiental e produción enerxética.

De aí que esta norma encontre o seu fundamento xurídico no artigo 45 da Constitución española, no cal a protección do ambiente se recolle como un dos principios reitores das políticas sociais e económicas, co obxectivo de internalizar os custos ambientais derivados da produción da enerxía eléctrica, sen esquecer que a mellora dos niveis de eficiencia enerxética comporta un incremento na calidade de xestión dos recursos naturais.

Non obstante, debe advertirse que a Constitución impón, así mesmo, o «deber de atender o desenvolvemento de todos os sectores económicos» no seu artigo 130.1, precepto que está dotado dunha esencial carga finalista, cal é equiparar o nivel de vida de todos os españois e favorecer a todos os sectores económicos. En efecto, o artigo 130 é unha manifestación máis do Estado social e democrático de dereito (artigo 1.1) e é reflexo dunha das funcións básicas deste, a función promocional (artigo 9.2) para equiparar o nivel de vida de todos os españois, sen esquecer o principio de solidariedade que proclama o artigo 2, conforme o cal o Estado velará polo establecemento dun equilibrio económico adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio español.

En suma, o artigo 130 consagra a obriga dos poderes públicos de atender a modernización e o desenvolvemento de todos os sectores da economía e o artigo 45 fai que iso se deba compaxinar coa protección do ambiente.

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.22.^a da Constitución española, que establece a competencia exclusiva do Estado na lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma, así como ao abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.14.^a, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda pública.

VII

Os danos pola seca e outras adversidades climatolóxicas na produción do oliveiral, así como noutras producións, como a uva, hortalizas, herbáceos, cítricos, froiteiras e froitos secos, dificulta gravemente, pola súa incidencia na perda de xornadas de traballo, a consecución do número mínimo de xornadas reais cotizadas precisas para acceder ao subsidio por desemprego recollido no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, polo que se regula o subsidio por desemprego en favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, ou da renda agraria regulada polo Real decreto 426/2003, do 11 de abril, polo que se regula a renda agraria para os traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social residentes nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura.

A tal finalidade responde a medida recollida na disposición adicional oitava -así como a disposición transitoria terceira-, mediante a cal se reduce a vinte o número de xornadas reais cotizadas exixidas aos traballadores eventuais agrarios que residan no ámbito territorial das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura para poderen ser beneficiarios do subsidio por desemprego ou da renda agraria antes indicados.

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

1. Esta lei ten por obxecto establecer medidas de apoio e, de ser o caso, a concesión de axudas aos titulares das explotacións agrarias situadas nos ámbitos territoriais afectados pola seca no presente ano agrícola que sufrisen perdas de produción bruta nos cultivos ou nos aproveitamentos gandeiros de, polo menos, un 20 por cento da produción normal en zonas desfavorecidas, e dun 30 por cento nas demais zonas, de conformidade cos criterios establecidos pola Unión Europea.

2. Mediante orde do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, oídas as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector, delimitaranse, con carácter de urxencia, os ámbitos territoriais afectados para a aplicación das medidas previstas.

3. En terceiro lugar, é obxecto desta lei paliar o desequilibrio económico producido á Mancomunidad dos Canais do Taibilla e aos abastecementos da provincia de Almería na parte que se subministra mediante o acueduto Texo-Segura debido ao uso de recursos non habituais (pozos de seca, contratos de cesión temporal de dereitos, incremento de recursos non convencionais como a auga desalgada), necesarios para garantir o abastecemento das súas poboacións, como consecuencia da situación de seca declarada que sofre a demarcación hidrográfica do Segura. A potencial afección aos usos de abastecemento que poidan derivar da seca declarada, en abastecementos de Canais do Taibilla e en Almería, tratará de ser evitada facendo efectivo o principio legal que prioriza o abastecemento urbano sobre os usos produtivos.

4. Por último, mediante a presente norma increméntase o tipo de gravame correspondente ao canon por utilización das augas continentais para a produción de enerxía eléctrica, previsto no artigo 112 bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, co obxecto de mellorar a dotación, aos órganos competentes do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e aos organismos de bacía, dos necesarios recursos para a protección e mellora do dito dominio público.

5. O Goberno, mediante real decreto, poderá declarar a aplicación das medidas previstas nesta lei a outras situacións de seca que, cumprindo os requisitos previstos no número 1 deste mesmo artigo, poidan acaecer en calquera parte do territorio nacional ao longo do ano hidrolóxico 2017/2018.

Artigo 2. *Exención das exaccións relativas á dispoñibilidade de auga.*

1. Para os titulares de dereitos ao uso de auga para rega nas demarcacións hidrográficas que contén xa ou que poidan contar con seca declarada nos termos previstos no artigo 58 do texto refundido da Lei de augas e que sufrisen perdas de produción bruta nos cultivos ou nos aproveitamentos gandeiros de, polo menos, un 20 por cento da produción normal en zonas desfavorecidas, e dun 30 por cento nas demais zonas, de conformidade cos criterios establecidos pola Unión Europea, e para a Mancomunidad dos Canais do Taibilla e para os abastecementos da provincia de Almería na parte que se subministra mediante o acueduto Texo-Segura, concédense as seguintes exencións:

a) A cota da tarifa de utilización da auga e do canon de regulación establecidos no artigo 114 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, correspondentes aos exercicios 2017 e seguintes, sempre e cando estea vixente o real decreto polo que se declara a situación de seca na correspondente demarcación hidrográfica.

b) As achegas relativas aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de condución das augas incluídos nos parágrafos b) e c) do artigo 7.1 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de regulación do réxime económico da explotación do acueduto Texo-Segura, correspondentes ao exercicio 2017 e seguinte, sempre e cando estea vixente o real decreto polo que se declara a situación de seca na correspondente demarcación hidrográfica. A dita exención non afectará a liquidación económica de exercicios anteriores que non fose considerada no cálculo das tarifas aplicadas no exercicio 2017.

c) A cota correspondente aos exercicios 2017 e seguintes, sempre e cando estea vixente o real decreto polo que se declara a situación de seca na correspondente demarcación hidrográfica, da tarifa de condución das augas pola infraestrutura do postransvasamento (bacía do Segura), prevista no artigo 10 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, que fose aplicable ás augas propias da bacía.

2. Os suxeitos pasivos das exaccións sinaladas nos puntos anteriores que satisfixesen total ou parcialmente as cotas correspondentes terán dereito á devolución das cantidades ingresadas.

Artigo 3. *Medidas laborais e de Seguridade Social.*

1. As suspensións de contrato e reducións de xornada e os despedimentos colectivos que teñan a súa causa directa nos danos producidos pola seca da cal se fai mención no artigo 1 terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro. Nos supostos de suspensión do contrato ou redución da xornada, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá exonerar o empresario do aboamento das cotas á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta mentres dure o período de suspensión ou redución, manténdose a condición do dito período como efectivamente cotizado polo traballador.

Nos supostos en que a autoridade laboral constatase a existencia de forza maior e a empresa decida a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo con base en circunstancias excepcionais, o Servizo Público de Emprego Estatal poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, que deriven de forma inmediata da seca non se compute para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos ditos expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para ter dereito a elas.

2. As empresas e os traballadores por conta propia, titulares das explotacións agrarias afectadas pola seca, incluídos en calquera réxime da Seguridade Social poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotizacións á Seguridade Social correspondentes aos meses de xullo de 2017 a xullo de 2018, ambos os dous incluídos, así como no pagamento das cotas polas xornadas reais correspondentes ao mesmo período.

Artigo 4. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias realizadas nas zonas que determina o artigo 1 desta lei, e conforme as previsións contidas no punto 4.1.º do artigo 37 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e no número 3 do artigo 38 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, o Ministerio de Facenda e Función Pública, á vista dos informes do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto a que se refire a Orde HFP/1823/2016, do 25 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2017 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

Artigo 5. *Actuacións en relación coa política agrícola común (PAC) e co financiamento de avais.*

O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente solicitaralles ás autoridades europeas o anticipo ata a máxima porcentaxe permitida para o seu aboamento a partir do 16 de outubro, de acordo coas disposicións regulamentarias que regulan a política agrícola común. Igualmente, procederá á declaración de seca na campaña determinada para poder flexibilizar nestas condicións determinados aspectos do pagamento verde (*greening*), en aplicación das disposicións comunitarias sobre causas de forza maior e circunstancias excepcionais.

O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente porá en marcha liñas de financiamento nas cales subvencionará o custo dos avais da Sociedad Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) que son necesarios para a obtención de préstamos co obxecto de fortalecer a viabilidade e o normal funcionamento das explotacións do sector agrario en situacións excepcionais, xa se trate de condicións meteorolóxicas extremas, crises sanitarias ou alimentarias ou distorsións graves no aprovisionamento de materias primas ocasionadas por flutuacións no mercado mundial.

Artigo 6. *Dotación ao Plan de seguros agrarios combinados.*

O ministro de Facenda e Función Pública acordará, coa maior brevidade, as ampliacións de crédito precisas co fin de que se poida dar resposta ao incremento na contratación producida no trixésimo oitavo Plan de seguros agrarios combinados. No mesmo sentido, e no caso de que sexa necesario, o Goberno incrementará a dotación aprobada para o trixésimo noveno Plan de seguros agrarios combinados na cantidade que sexa adecuada para dar resposta á crecente demanda na contratación.

Artigo 7. *Exención do imposto sobre bens inmobles de natureza rústica.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes aos exercicios 2017 e 2018 que afecten terreos, vivendas, locais de traballo e similares, de natureza rústica, de titularidade de agricultores e gandeiros afectados pola seca radicados nas zonas a que se refire o artigo 1.1 desta lei, sempre e cando se acrediten danos materiais directos en inmobles e explotacións agrarias que non estean cubertos por ningunha fórmula de seguro público ou privado.

2. A exención das cotas no tributo sinalado no número anterior comprenderá a das recargas legalmente autorizadas sobre aquel.

3. Os contribuíntes que, tendo dereito aos beneficios establecidos nos números anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes ao citado exercicio fiscal poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

4. A diminución de ingresos en tributos locais que os números anteriores deste artigo produzan nos concellos, consellos insulares, cabidos insulares, deputacións provinciais e comunidades autónomas será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 8. *Préstamos de mediación do ICO.*

1. Instrúese o ICO para establecer unha liña de préstamos de mediación por importe global de 1000 millóns de euros, que poderá ser ampliada en función da avaliación dos danos e da demanda conseguinte.

2. Esta liña de préstamos destínase aos titulares de explotacións de gando bovino, ovino, caprino, equino e porcino ou de explotacións apícolas, para afrontar os custos adicionais da alimentación do gando e outros ocasionados pola seca, así como aos de explotacións agrícolas de secaño afectadas pola seca, nos termos establecidos no artigo 1, ou de regadío que tivesen reducións nas dotacións de auga de rega de, polo menos, o 20 por cento das dotacións habitualmente dispoñibles e se visen afectadas na súa produción, nos termos establecidos no artigo 1.

3. Os titulares das explotacións gandeiras anteriormente citadas e das explotacións agrícolas de secaño deberán comprometerse a subscribir o correspondente seguro que inclúa a cobertura de risco de seca para a próxima campaña para seren beneficiarios destes préstamos. O incumprimento deste compromiso dará lugar á perda das bonificacións ou, de ser o caso, subvencións vinculadas aos préstamos.

4. As condicións dos préstamos, moduladas baixo criterios sociais a favor dos pequenos e medianos agricultores e gandeiros, serán as seguintes:

a) Importe máximo: segundo baremos determinados polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

b) Prazo: cinco anos. De ser o caso, poderase incluír un ano de carencia para o pagamento do principal.

c) Xuros: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será do 1 % TAE, cunha marxe máxima de intermediación para estas do 0,50 %. En consecuencia, o tipo final máximo para o prestameiro será do 1,50 % TAE.

d) Tramitación: as solicitudes serán presentadas na entidade financeira mediadora, a cal decidirá sobre a concesión do préstamo, e será pola súa conta o risco da operación.

e) Vixencia da liña: ata o 31 de decembro de 2017.

Artigo 9. Fondo extraordinario de loita contra a seca.

Créase un fondo extraordinario de loita contra a seca e as súas consecuencias destinado a financiar medidas de axuda para compensar as perdas producidas pola seca nas explotacións agrícolas e gandeiras afectadas.

Sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, entre as medidas en cuestión considerárase o financiamento de liñas de apoio e axudas acollidas ao réxime *de minimis*, ata o límite máximo da cota asignada a España e, de acordo co Regulamento (UE) n.º 1408/2013 da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *de minimis* no sector agrícola.

A achega patrimonial desde o orzamento do Estado a este fondo extraordinario fíxase, para o ano 2017, en 1.000 millóns de euros.

Este fondo financiarase con cargo ao Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria, aos créditos que habilite o Ministerio de Facenda e Función Pública ou mediante consignación nos orzamentos xerais do Estado, segundo se dispoña no real decreto que o desenvolva e complementa.

Só poderán ser beneficiarios do fondo extraordinario os titulares de explotacións agrícolas e gandeiras que, tendo pólizas amparadas polo Plan de seguros agrarios combinados e estando situadas no ámbito de aplicación sinalado no artigo 1, sufrisen danos en elementos afectos á explotación que non sexan asegurables.

Nestes casos, poderase conceder unha subvención de ata o 70 % dos danos valorados por un perito colexiado, ata un importe máximo de 8.000 euros, sen que, en ningún caso, a suma desta subvención e calquera outra subvención ou ingreso público ou privado a que se teña dereito poida superar o valor do dano ou perda producidos.

Os interesados deberán acreditar a titularidade sobre os elementos danados mediante unha póliza de seguro en vigor amparada polo Plan de seguros agrarios combinados ou mediante calquera outro medio conforme dereito. Para os efectos da posesión dunha póliza de seguro en vigor amparada polo Plan de seguros agrarios combinados, aceptarase tamén unha póliza da campaña anterior nos danos rexistrados nas explotacións agrícolas e gandeiras para as cales nas datas do sinistro non se iniciase o período de subscrición do correspondente seguro, ou este non finalizase, e que non formalizasen aínda a póliza para esta campaña, sempre e cando se contratase o seguro para a dita produción e cultivo na campaña anterior. No caso das explotacións gandeiras, para estes efectos exceptúanse as pólizas contratadas de seguros de retirada e destrución de animais mortos na explotación.

Así mesmo, para acreditar o exercicio da actividade empresarial ou profesional, os interesados autorizarán expresamente o órgano xestor para solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria a información pertinente do Censo de empresarios, profesionais e retedores.

Artigo 10. *Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

Modifícase o artigo 112 bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, nos seus números 5 e 7, que queda redactado co seguinte contido:

«5. O tipo de gravame anual será do 25,5 por cento do valor da base impoñible e a cota íntegra será a cantidade resultante de aplicar á base impoñible o tipo de gravame.»

«7. O canon reducirase nun 92 por cento para as instalacións hidroeléctricas de potencia igual ou inferior a 50 MW, e nun 90 por cento para as instalacións de produción de enerxía eléctrica de tecnoloxía hidráulica de bombeo e potencia superior a 50 MW, e na forma que regulamentariamente se determine para aquelas producións ou instalacións que se deban incentivar por motivos de política enerxética xeral.»

Artigo 11. *Réxime de contratación.*

Poderán ter a consideración de obras, servizos ou subministracións de emerxencia, logo do correspondente acordo do órgano de contratación, cumprindo os requisitos do artigo 113 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, os contratos de reparación ou mantemento de infraestruturas, equipamentos ou servizos, así como as obras de reposición de bens que deriven das actuacións relacionadas coa seca a que se refire a presente lei, así como as actuacións derivadas da declaración das situacións excepcionais reguladas no artigo 58 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, calquera que sexa a súa contía.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio para a liquidación do canon por utilización das augas continentais para producir enerxía eléctrica correspondente ao exercicio 2017.*

1. Na autoliquidación do exercicio 2017 que, conforme o previsto no artigo 10 do Real decreto 198/2015, do 23 de marzo, deberá realizar cada contribuínte no mes de marzo de 2018 aplicarase o tipo do 22 por cento á parte proporcional da base impoñible correspondente á fracción do ano transcorrida ata a entrada en vigor da presente lei, e o tipo do 25,5 por cento á parte proporcional da base impoñible correspondente á fracción do ano posterior á dita entrada en vigor, todo iso sen prexuízo da aplicación, no que non sexa incompatible, do previsto nos artigos 8 e 10 do citado texto regulamentario. No caso de que sexa o primeiro exercicio en que deba realizarse a autoliquidación, atenderase á parte do período de vixencia da concesión que sexa respectivamente anterior e posterior á dita entrada en vigor. O mesmo criterio temporal se aplicará ás bonificacións da base impoñible.

2. Se se producen liquidacións da produción eléctrica de carácter definitivo por parte do operador do mercado, do operador do sistema ou do órgano encargado das liquidacións con posterioridade á data de autoliquidación do canon, o contribuínte estará obrigado a realizar unha autoliquidación complementaria nos tres meses seguintes á citada liquidación definitiva da produción.

Disposición transitoria segunda. *Autorización en relación co incremento da porcentaxe de anticipo de pagamentos.*

O Goberno, a través do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, e no marco das disposicións reguladoras da política agraria común, realizará as xestións necesarias ante a Unión Europea para que se autorice, no ano de solicitude 2018, tanto o incremento da porcentaxe de anticipo de pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda directa e ao desenvolvemento rural, como a utilización

para o pastoreo das superficies de barbeito que se declaren como superficies de interese ecolóxico, para os efectos do pagamento por prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente.

Así mesmo, o Goberno estudará e aplicará as excepcións que resulten precisas durante a campaña de solicitude 2018 en canto aos requisitos exixibles no relativo a agricultor activo e exercicio da actividade agraria, co obxecto de que as circunstancias acaecidas como consecuencia da seca non representen impedimentos engadidos para percibir pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda directa e ao desenvolvemento rural.

Disposición transitoria terceira. *Solicitudes do subsidio por desemprego ou da renda agraria presentadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei.*

O establecido na disposición adicional oitava será tamén de aplicación aos traballadores referidos nela que presentasen entre o 1 de setembro de 2017 e a entrada en vigor desta lei a solicitude do subsidio por desemprego regulada no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, ou da renda agraria regulada no Real decreto 426/2003, do 11 de abril, sempre que presenten unha nova solicitude a partir da dita entrada en vigor e dentro dos seis meses seguintes a esta.

Disposición adicional primeira. *Créditos orzamentarios.*

1. A compensación das diminucións de ingresos que se produzan nas confederacións hidrográficas ou nos organismos de bacía intracomunitarios como consecuencia das exencións previstas no artigo 2 desta lei será financiada integramente con cargo ao Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria.

2. A dita compensación poderá ser financiada con cargo aos recursos propios e ao remanente de tesouraría que, de ser o caso, existir e, se for necesario, tramitaranse as correspondentes modificacións orzamentarias, de conformidade co disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición adicional segunda. *Regra excepcional e temporal sobre a cesión de dereitos ao uso privativo de augas nas demarcacións hidrográficas con declaración de seca vixente.*

Con carácter excepcional e temporalmente limitado ata o 30 de setembro de 2018, poderanse autorizar contratos de cesión de dereitos ao uso privativo das augas, entre concesionarios da bacía do Segura, nos cales o volume susceptible de cesión sexa igual ao volume concedido ao titular que cede o seu dereito, e non será de aplicación a limitación establecida no artigo 69 do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.

Co mesmo carácter e vixencia temporal poderán autorizarse contratos de cesión de dereitos ao uso privativo das augas entre concesionarios da bacía do Douro.

Esta mesma previsión se aplicará aos contratos que se asinen entre concesionarios da bacía do Xúcar cunha vixencia temporal limitada ao 30 de setembro de 2018.

Disposición adicional terceira. *Apoio á agricultura territorial.*

O Goberno impulsará e desenvolverá unha estratexia de modernización e diversificación rural, co obxectivo de ofrecer un apoio específico a mozos e mulleres do medio rural, principalmente no ámbito agroalimentario e forestal.

Disposición adicional cuarta. *Plan de choque de optimización da desalgação para un Mediterráneo sen sede.*

1. O Goberno, con carácter urxente, aprobará un plan de choque de optimización da desalgação para un Mediterráneo sen sede, que fomentará a utilización de recursos non

convencionais por augas desalgadas, priorizando o uso da auga procedente da desalgación xa instalada mediante a execución das obras e actuacións pendentes e aínda non concluídas.

2. O Goberno habilitará os mecanismos de subvención necesarios co fin de que o prezo da auga desalgada para rega non exceda os 0,3 €/m³.

Disposición adicional quinta. *Campaña de sensibilización sobre novos hábitos e valores arredor da auga.*

O Goberno impulsará, coa adecuada dotación orzamentaria, unha campaña de sensibilización cara aos cidadáns co obxecto de implicalos nun cambio de hábitos e na adopción de novos valores no relativo ao uso da auga e á súa importancia, fomentando o aforro deste recurso hídrico.

Disposición adicional sexta. *Impulso da reutilización de augas.*

O Goberno impulsará a reutilización de augas convenientemente depuradas, de conformidade co previsto no Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro.

Disposición adicional sétima. *Banco público da auga.*

Co obxecto de posibilitar a dispoñibilidade de auga con fins de interese público, o Goberno impulsará as modificacións legislativas precisas para crear un banco público da auga en cada unha das bacías hidrográficas existentes. Estes bancos públicos da auga terán, entre outras funcións, o control das transaccións de dereitos sobre auga de rega, co fin de garantir unha xestión e un control público transparente, así como a fixación pública de compensacións, desde a restrición temporal das transferencias cinguida a ciclos de seca e tomando en conta os impactos ambientais en xogo.

Disposición adicional oitava. *Redución do número mínimo de xornadas reais cotizadas necesarias para acceder ao subsidio por desemprego ou á renda agraria en favor dos traballadores eventuais agrarios das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura afectados polo descenso de produción como consecuencia da seca.*

1. Os traballadores agrarios por conta allea de carácter eventual que residan no ámbito territorial das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura poderán ser beneficiarios do subsidio por desemprego establecido no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, polo que se regula o subsidio por desemprego en favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, ou da renda agraria establecida no Real decreto 426/2003, do 11 de abril, polo que se regula a renda agraria para os traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social residentes nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura, aínda cando non teñan cuberto o número mínimo de xornadas reais cotizadas establecido no artigo 2.1.c) ou no artigo 2.1.d), respectivamente, dos citados reais decretos, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter cuberto un mínimo de 20 xornadas reais cotizadas nos doce meses naturais inmediatamente anteriores á situación de desemprego.
- b) Reunir o resto dos requisitos exixidos na normativa aplicable.
- c) Solicitalo dentro dos seis meses seguintes á entrada en vigor desta lei.

2. Cando se aplique o previsto no número 1, considerarase acreditado un número de 35 xornadas reais cotizadas para os efectos do establecido:

- a) No artigo 5.1.a) do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro.
- b) Nos artigos 4.1 e 5.1.a) do Real decreto 426/2003, do 11 de abril.

3. Nas solicitudes que se presenten nos seis meses seguintes á entrada en vigor desta lei no ámbito territorial indicado no número 1 observárase o seguinte:

a) Para aplicar a disposición transitoria primeira do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, deberase completar un número mínimo de 20 xornadas reais cotizadas, na forma prevista na dita disposición.

b) Para aplicar o establecido no número 2 da disposición transitoria segunda do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, considerárase acreditado un número de 35 xornadas reais cotizadas cando se acredite un número igual ou superior a 20 xornadas reais cotizadas.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.*

Modifícase o número 2 do artigo 82 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, engadindo un segundo parágrafo co seguinte teor:

«En particular, o Goberno fomentará investimentos para a mellora da eficiencia enerxética nos regadíos e na maquinaria agrícola e a substitución de fontes convencionais por fontes renovables (atendendo ás problemáticas territoriais específicas respecto á materia prima) en instalacións agrarias, incluíndo instalacións de autoconsumo, tanto eléctrico coma térmico, así como uso de combustibles alternativos. Igualmente, fomentará a realización de auditorías e estudos enerxéticos que detecten as medidas de aforro enerxético e económico que se poidan levar a cabo nas explotacións de rega.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do número 3 do artigo 9 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.*

Modifícase o número 3 do artigo 9 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, engadindo un novo parágrafo *in fine* coa seguinte redacción:

«Así mesmo, de forma excepcional, poderanse establecer regulamentariamente reducións ás peaxes e cargos para determinadas categorías de consumidores na modalidade de subministración con autoconsumo caracterizados por ser intensivos en consumo enerxético ou suxeitos a estacionalidade, sempre que a modificación proposta sexa consistente coa seguridade e coa sustentabilidade económica e financeira do sistema recollido no artigo 13 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, así como coa normativa comunitaria de aplicación.»

Disposición derradeira terceira. *Adición dunha disposición derradeira quinta bis na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.*

Modifícase a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, mediante a adición dunha disposición derradeira quinta bis, nos seguintes termos:

«Disposición derradeira quinta bis. *Contratos de acceso ás redes de transporte e distribución eléctrica para regadíos.*

As condicións particulares de aplicación a contratos de acceso para regadío serán as seguintes:

Nos termos que regulamentariamente se determinen, o contrato de acceso para regadío recollerá a posibilidade de dispor de dúas potencias diferentes ao longo de 12 meses, en función da necesidade de subministración para esta actividade. Os prezos do termo de potencia non producirán incremento ningún respecto das tarifas de aplicación, sempre que a fixación así establecida sexa consistente coa seguridade e coa sustentabilidade económica e financeira do sistema recollido no artigo 13 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, así como coa normativa comunitaria de aplicación.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.22.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma. Deste título competencial exceptúanse os preceptos ou parte deles que se citan a continuación:

- O artigo 3, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.17.^a CE, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre «réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos por parte das comunidades autónomas».
- Os artigos 4, 7 e a disposición adicional primeira, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.14.^a CE en materia de facenda xeral e débeda do Estado.
- Os artigos 5, 6, 8, 9 e a disposición adicional terceira, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.1.13.^a CE, que lle atribúen ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.
- As disposicións derradeiras primeira, segunda e terceira rexeranse polo título competencial que se establece na norma obxecto de modificación.

Disposición derradeira quinta. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os titulares dos ministerios de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Facenda e Función Pública, Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, e Emprego e Seguridade Social, no ámbito das súas respectivas competencias, ditarán as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido nesta lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 6 de marzo de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY